

Como solicitar a exposición?

Cubra os datos da seguinte ficha e remíttaa por fax ao CEIDA

Datos da entidade solicitante

Centro/Asociación

Correo-e Teléfono

Enderezo

Poboación CP

Datos do responsable

Nome e apelidos

Correo-e Teléfono

Enderezo

Poboación CP

Cargo

Datos de solicitude

Sinale as datas de solicitude, por orde de preferencia:

Data 1: do ao

Data 2: do ao

Data 3: do ao

Enviar solicitude ao fax **981 614 443**

Máis información:

CEIDA

Castelo de Santa Cruz – Liáns 15179 Oleiros (A Coruña)

Teléfono: 981 630 618 Web: www.ceida.org

Correo-e: ceida@ceida.org

Organizan



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA



Coordenación da exposición
"Prestige, crónica negra
dun modelo enerxético insostible":
Jordi Sargatal e Carlos Vales

Xurxo Labajo



Exposición

Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible

Presentación

A catástrofe ambiental do petroleiro Prestige, o 19 de Novembro do 2002 finxiu de negro 2.900 km de costa de varios países. O seu impacto no medio natural e socio-económico foi evidente, afectando a máis de 250.000 aves e obrigando a cesar na súa actividade pesqueira a máis de 30.000 persoas.

Este tráxico suceso conmocionou á sociedade que reaccionou con valores como a solidariedade, a participación e a creatividade. Os voluntarios, os mariñeiros e a plataforma Nunca Máis entre outros, foron os protagonistas que traballaron para restablecer a normalidade.

O CEIDA e a Fundación Territori e Paisatge queren divulgar nesta exposición todo o que pasou por aquelas datas, axudando a descubrir o que debemos aprender todos para que estes feitos non se volvan a repetir.

O Prestige no tempo

Pasaron máis de dous anos desde a traxedia. Esta exposición pretende dar a coñecer as consecuencias reais do vertido de fuel do Prestige para reflexionar sobre os problemas ambientais que provoca o noso consumo de enerxía. Ademais quere estimular como fin último que os visitantes podan participar para propoer novos comportamentos comprometidos que vaian cara un modelo enerxético máis sostible ambientalmente.



Características da exposición

A exposición *Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible* está composta polos seguintes elementos:

- 14 displays portátiles para montaxe de paneis
- 14 tubos de transporte.
- 14 paneis de 200 cm x 100 cm impresos a toda cor en lona reforzada:
 - **Panel 1:** Portada de presentación
 - **Panel 2:** As mareas negras
 - **Panel 3:** O Prestige: un barco antigo
 - **Panel 4:** O transporte marítimo internacional
 - **Panel 5:** ¿Que necesitamos cambiar?
 - **Panel 6:** Impacto no medio natural
 - **Panel 7:** Impacto no medio socio-económico
 - **Panel 8:** A limpeza do fuel
 - **Panel 9:** A recuperación ambiental
 - **Panel 10:** O noso modelo enerxético baseado no petróleo
 - **Panel 11:** Esgotaremos o petróleo en 40 anos
 - **Panel 12:** A resposta da sociedade civil
 - **Panel 13:** Aforro, eficiencia e enerxías renovables
 - **Panel 14:** Cifras e preguntas sobre o Prestige
- Proxección audiovisual: a crónica da traxedia
- Maquetas:
 - Módulo en resina, sobre as aves mariñas afectadas.
 - Maqueta dun petroleiro, con cortes transversais de casco simple e dobre
- Reprodución a escala dun barril de petróleo e panel explicativo da súa viaxe
- Módulo coa indumentaria dun voluntario
- Módulo de participación con rotafolios: asina e fai propostas
- Materiais complementarios
- Tríptico da exposición